



PLAN DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

2020 – 2024

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN: páxina 3
2. MARCO LEGAL: páxina 3
3. PROCESO NORMALIZADOR EN GÁNDARA: páxina 4
 - 3.1. A NOSA REALIDADE: páxina 4
 - 3.2. INCIDENCIA DO PLAN: páxina 5
4. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE NORMALIZACIÓN: páxina 5
 - 4.1. OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DO USO DO GALEGO: páxina 6
 - 4.2. ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO USO DO GALEGO: páxina 7
 - 4.2.1. MEDIDAS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA EN EDUCACIÓN INFANTIL: páxina 7
 - 4.2.2. MEDIDAS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA EN EDUCACIÓN PRIMARIA: páxina 8
 - 4.3. LIÑAS DE APOIO PARA O FOMENO DO GALEGO: páxina 9
 - 4.4. LINGUAS EMPREGADAS POR ÁREAS: páxina 11
5. AVALIACIÓN DO PLAN DE NORMALIZACIÓN: páxina 12
 - 5.1. PROPOSTAS DE CAMBIO E MELLORA: páxina 12

5.2. ENQUISA DE AVALIACIÓN INICIAL DA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA: páxina 13

1. XUSTIFICACIÓN

De acordo co artigo 14º do Decreto 79/2010 do 20 de maio, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, este plan está deseñado para dinamizar o coñecemento e o uso da lingua galega en Gándara tendo en conta o especial do noso emprazamento rural. Desta maneira, este plan nace co obxectivo de impulsar e revitalizar o respecto pola nosa realidade lingüística.

De acordo coa Lei 3/1983, de Normalización Lingüística, no seu Título III, do uso do galego no ensino, no seu artigo 12.1, establece que o galego, *“como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos”*. Da mesma maneira, no seu artigo 14.3, especificase que se garantirá *“que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos e alumnas coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán”*.

Xunto coa normativa vixente en materia de normalización lingüística, a cal se vai detallar na seguinte sección, o día a día en Gándara e a nosa pedagogía fan preciso a elaboración dun proxecto de fomento da lingua galega que vaia da man das tradicións, os momentos cotiás e a escoita activa e afectiva.

Aínda que o galego é a lingua vehicular dalgúns nenos e nenas e das súas familias, tamén o son o castelán e o inglés. Para contribuír á igualdade de condicións entre linguas, fomentando as tres por igual sempre e cando sexa posible, consideramos que é preciso a elaboración dun plan dinamizador que poña o seu principal obxectivo en promover o uso e a visibilización do galego en Gándara.

2. MARCO LEGAL

Os principais referentes legais deste plan de dinamización e normalización lingüística da lingua galega son:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2015/2016 deixa de estar en vigor o D. 130/2007.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3. PROCESO NORMALIZADOR EN GÁNDARA

3.1. GÁNDARA: A NOSA REALIDADE

Gándara International School sitúase en Mañufe, A Moreira, a 1.5 km de Gondomar, a 4 km da Ramallosa, e a 25 km de Vigo, no suroeste de Galicia. Gándara atopa nun enclave xeográfico moi especial, moi preto do mar e da montaña.

O seu emprazamento rural, moi próximo ás tradicións, fai de Gándara un espazo de vivencias, onde as persoas poden sentirse escoitadas, respectadas e acompañadas nos seus procesos de aprendizaxe e crecemento individual. Un espazo onde a persoa pode desenvolverse en plenitude emocional e harmonía afectiva.

Gándara dispón da etapa de 2º ciclo de infantil (3 a 6 anos) e primaria (de 6 a 12 anos). Ambas etapas teñen espazos diferenciados, aínda que se comparten algunhas zonas comúns. Gándara dispón dunha leira de máis de 5.000m² para que nenos e nenas poidan descubrir o movemento e o seu contorno. Gándara tamén posúe outros espazos comúns para que nenos e nenas de infantil e primaria compartan e satisfagan necesidades concretas: sala de psicomotricidade e xogo simbólico e sala de música.

Na actualidade, as familias que fan Gándara veñen de entornos variados, con nenos e nenas que viven no ámbito rural, no entorno semiurbano e outras que viven na cidade. Aínda que a lingua máis utilizada polas familias é o castelán, a diversidade existente fai que Gándara se atope nunha situación especialmente idónea para a convivencia das tres linguas das que facemos uso: o galego, o castelán e o inglés.

3.2. INCIDENCIA DO PLAN DE NORMALIZACIÓN

Desta maneira, consideramos de especial importancia a posta en práctica dun proxecto e dunhas medidas que, da man da programación da materia de Lingua Galega, poden dinamizar o uso do galego para que este tamén se estenda a outros espazos e sexa promovido e visible en diferentes ámbitos e vivencias en Gándara.

Ao tratarse dun colexio plurilingüe, o galego convive co castelán e co inglés ao longo do día escolar, nos momentos de descanso e lecer, nas chegadas e tamén nas despedidas, facendo do noso un espazo de comunicación harmoniosa e espontánea en calquera das tres linguas.

A planificación e posta en práctica de medidas dinamizadoras farán que, xunto coas outras dúas linguas, o galego estea en igualdade de condicións e teña a maior visibilidade posible ao longo da xornada escolar.

Deste xeito, o galego poderíase ver promovido ao longo de toda a xornada lectiva na que, xunto coas sesións de lingua galega organizadas durante a semana, o galego tamén puidese gañar en visibilidade durante conversacións, proposta de actividades diarias, momentos de almorzo e descanso, xogo libre, así como tamén a través do uso da nosa biblioteca.

4. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE NORMALIZACIÓN

Segundo a nosa realidade, a planificación deste proxecto dinamizador propón unha serie de obxectivos que, á marxe de seren realistas tendo en conta o contexto de Gándara, van especialmente enfocados a involucrar a toda a comunidade e axentes educativos para o fomento do uso da lingua galega no día a día. Deste xeito, o galego gañará en presenza non só gracias ás nosas familias, senón tamén a través dun uso regular do galego tanto polas acompañantes como por todas as persoas que fan Gándara.

4.1.OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DO USO DO GALEGO

- a) Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo en Gándara.
- b) Traballar conxuntamente cara a consecución dunha boa competencia nas tres linguas que conviven en Gándara.
- c) Promover a lectura, fala, comprensión e escritura en galego.
- d) Ofrecer momentos de experiencias sociais que posibiliten o uso da lingua galega.

- e) Seguir promovendo, na medida do posible, a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- f) Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento e promoción da lingua e cultura galegas.
- g) Facilitar a asistencia ao colexio de persoas que promovan a lingua e cultura galegas.
- h) Promover a visibilidade do galego na biblioteca.
- i) Fomentar o manexo de información en galego.
- l) Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todas as persoas que compoñen a comunidade educativa.
- m) Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua galega ou que proveña doutras áreas nas que o galego non sexa a lingua vehicular.
- n) Crear hábitos de uso nos castelán-falantes de tal xeito que poidan optar polo galego á hora de abrir unha conversa.
- ñ) Manter e promover relacións abertas co contorno: concello, asociacións veciñais, ANPA e outros organismos e institucións.
- o) Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: eventos, datas sinaladas, exposicións, festexos, revistas, concursos...
- p) Implicar ás familias para promover a presenza da lingua galega tanto na casa como en Gándara.
- q) Promover o coñecemento do contorno natural.
- r) Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- s) Promover a identificación e sensibilización coas festas tradicionais galegas.

4.2. ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Tanto na etapa de Educación Infantil como na de Educación Primaria, todas as acompañantes de Gándara posúen plenas competencias en Lingua Galega de maneira oral e de maneira escrita. De acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, as acompañantes utilizarán a lingua predominante en nenos e nenas, promovendo o uso da outra lingua oficial

de Galicia. No caso de Gándara, galego, inglés e castelán deben convivir da maneira máis igualitaria posible, favorecendo a aprendizaxe e uso delas dependendo do contexto de cada situación pedagóxica e respectando a identidade de cada unha das linguas.

4.2.1. MEDIDAS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA EN EDUCACIÓN INFANTIL

Ademáis dun uso equitativo do galego na etapa de Infantil, en Gándara tamén nos propoñemos fomentar, na medida do posible:

- Experiencias diarias, saídas ao exterior, xogo, conversas e resolución de conflitos en galego.

- A tradución de termos da vida cotiá ao galego para que nenos e nenas se familiaricen co son do idioma galego e vivan o vocabulario.

- Unha maior presenza do galego na biblioteca.

- A lectura e a dramatización de contos en galego.

- A busca e organización de excursións e saídas educativas a eventos que utilicen o galego como lingua vehicular.

4.2.2. MEDIDAS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Dun xeito similar a Educación Infantil, en Educación Primaria todas as acompañantes teñen plenas competencias en lingua galega, tanto na súa expresión oral como na escrita. Ademáis dun uso diario programado e estruturado a través das sesións dos talleres de lingua galega e do traballo e retos individuais de nenos e nenas, o galego estará tamén presente de maneira progresiva na vida cotiá en momentos de convivencia, dúbidas, conversas e tempo libre a través do seu uso tanto por parte das acompañantes como dos nenos e nenas que o usan regularmente. Desta maneira, incluso aquel que non fale galego normalmente poderá desenvolver a súa escoita. Outra actividade que promoverá a presenza do galego serán os proxectos tanto individuais como grupais ao longo do ano. Ademáis das situacións pedagóxicas xa comentadas, o uso da lingua galega poderá fomentarse grazas á coordinación e á planificación sistemática dunha serie de accións que envolven a todos os axentes educativos, como por exemplo:

- A divulgación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo entre as acompañantes.

- O emprego da lingua galega en pósters, documentos e sinais visibles en Gándara.

- A promoción de visitas a lugares de interese da comarca, para que nenos e nenas poidan apreciar as tradicións e riqueza naturais, paisaxísticas, culturais, artísticas e etnográficas do noso contorno.
- O fomento de saídas ao teatro ou concertos que teñan un interese educativo.
- A realización de investigacións sobre historia, lendas, refráns, contos, retranca, e patrimonio do noso contorno.
- A comunicación en galego con aquelas familias que así o desexen.
- A elaboración en galego de notificacións, comunicados, correos electrónicos, ou de calquera tipo de comunicación oficial de Gándara para outro organismo, sempre na medida do posible e se así o posibilitan os axentes receptores.
- A familiarización coa xeografía de Galicia, variantes dialectais da fala e tradicións.
- A investigación e estudo sobre os distintos topónimos da xeografía galega.
- A recompilación de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, vocabulario, etc.
- O impulso do coñecemento da literatura galega co gallo do Día das Letras Galegas.
- A proposta de realización dun cómic ou libro en galego.
- A promoción de presentacións en galego por parte de nenos e nenas.
- O coñecemento, o análise e a práctica de xogos populares do contorno, organizando un día de xogos populares para o disfrute de toda a comunidade educativa.
- A organización de saídas a falar cos veciños e veciñas para descubrir historias do noso contorno.
- A promoción da visita a Gándara de escritores e escritoras galegas.
- A planificación de visitas regulares de familiares ou outras persoas para contar os seus oficios en galego.
- A organización dun festival de contacontos en galego.
- A dinamización da biblioteca en galego de Gándara, con incorporacións propias de nenos e nenas que escriban historias.

- A realización dunha exhibición de obxectos tradicionais galegos do noso contorno.
- A tradución da páxina web de Gándara ao galego.

4.3. LIÑAS DE APOIO PARA O FOMENTO DO GALEGO

De acordo cos obxectivos para o fomento do uso da lingua galega por toda a comunidade educativa que forma Gándara, é preciso destacar unhas liñas de apoio que serven para fomentar as actividades xa detalladas en liñas anteriores. Deste xeito, o galego terá presenza:

- Nos salóns e na actividade diaria con materiais, dicionarios e información adicional para o estudo e a práctica da lingua galega, como é o caso do espazo de galego no salón das linguas.
- En actividades alternativas, como festividades especiais, o magosto, o samaín, o nadal, o entroido, os maios, o Día das Letras Galegas, saídas pedagóxicas, teatro, charlas, etc.
- No xogo libre tanto nos espazos interiores como nos exteriores.
- Durante visitas de persoas adultas a Gándara.
- Nas bibliotecas de Infantil e Primaria, con libros e revistas en galego para os distintos niveis de aprendizaxe da lectura.
- Nos momentos de conto, tanto individuais como en grupo.
- Nas celebracións dos aniversarios de nenos e nenas.

Ademáis destas liñas de apoio para fomentar a presenza e o uso do galego no día a día de Gándara, a coordinación con outros órganos organizativos do centro, departamentos e plans é esencial para garantir a dinamización da lingua galega. Deste xeito, o Plan de Normalización Lingüística terá que ser posto en práctica en coordinación con:

- Xunta Directiva.
- Xefatura de Estudos.
- Asociación de Nais e Pais.
- Plan de Lectoescritura.
- Plan de Apertura ao Entorno.
- Plan de Formación Permanente das Acompañantes.
- Departamento de Excursións, Festexos e Actividades Complementarias.

-Departamento de Orientación en Neurodiversidade.

4.4. LINGUAS EMPREGADAS POR ÁREAS

En Gándara conviven o galego, o castelán e o inglés. Sempre na medida do posible, as acompañantes tratamos de utilizar a lingua vehicular de cada neno e cada nena, podendo engadir a tradución de termos e expresións dependendo de cada situación. Nalgúns momentos, a comunicación flúe nos tres idiomas en cuestión de segundos, normalizando o uso das tres linguas indistintamente. Esta flexibilidade fai de Gándara un espazo aberto a calquera lingua que o neno ou a nena queira utilizar.

En Infantil, as dúas persoas acompañantes posúen competencias en inglés, sendo unha delas nativa americana. O inglés está presente durante boa parte do día escolar. Do mesmo xeito, o castelán está tamén presente xa que as dúas o usan diariamente. No caso do galego, unha persoa acompañante utiliza esta lingua de maneira máis xeral, introducíndoo nas actividades e tarefas cotiás, tanto na conversa como naqueles momentos de aprendizaxe máis preparados.

En Primaria, a acompañante de matemáticas utiliza o castelán como lingua vehicular a maior parte do tempo, dirixíndose tamén en inglés a aquelas acompañantes que o usan máis, como é no caso das acompañantes americanas.

A acompañante do salón de cósmica ten gran flexibilidade xa que utiliza maioritariamente o galego como lingua vehicular con nenos e nenas, o castelán coas acompañantes e o inglés nos materiais diarios no salón. Deste xeito, as tres linguas gozan dun uso equitativo.

A acompañante de inglés é americana e usa o inglés como lingua predominante tanto para falar con nenos e nenas, como para dirixirse ás persoas adultas, podendo cambiar tanto ao castelán como ao galego segundo a comprensión da mensaxe da persoa receptora.

A persoa acompañante de lingua galega e de lingua castelá utiliza o galego ou o castelán nos talleres que acompaña. Fora dos talleres, utiliza maioritariamente o castelán como lingua vehicular, aínda que se dirixe en galego a aqueles nenos e nenas que teñen esta lingua como vehicular, e en inglés a aqueles nenos e nenas cunha comprensión maior da lingua inglesa. Ademais, diríxese tanto en galego, como en castelán, como en inglés ás persoas acompañantes segundo lle falen. Ademais, esta acompañante usa o inglés para desenvolver os talleres de educación física.

5. AVALIACIÓN DO PLAN DE NORMALIZACIÓN

Durante as primeiras semanas de cada ano académico, tanto familias como acompañantes completarán unha enquisa sobre a situación lingüística e as súas actitudes cara o uso do galego, do castelán e do inglés. Esta enquisa vén adxunta na páxina seguinte.

A avaliación deste plan de normalización lingüística será anual e feita a finais do ano académico a través dunha reunión do Claustro de Acompañantes de Gándara. Esta reunión a finais de ano serve para analizar a situación do galego no centro e así concretar propostas de cambio e de mellora para o ano seguinte co fin para adaptarnos á realidade cambiante tanto de Gándara como da nosa sociedade.

5.1. PROPOSTAS DE CAMBIO E MELLORA

Estas propostas de mellora serán recollidas a finais de ano na reunión do Claustro de Acompañantes, co obxectivo de promover a adecuación deste plan ao contexto de Gándara. Deste xeito, este plan configúrase como un documento de continua referencia e cambiante.

A finais de cada ano académico, segundo a lexislación vixente en materia de normalización lingüística, deseñarase unha addenda con actualizacións da realidade de Gándara, valoración dos programas, das estratexias e das metodoloxías utilizadas que saíran da experiencia diaria de todos os axentes educativos. Esta addenda incorporárase a este Plan en setembro do ano seguinte. Deste xeito, teremos unha avaliación inicial, unha continua a través da experiencia, e outra final do Plan de Normalización Lingüística.

5.2. ENQUISA DE AVALIACIÓN INICIAL DA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA

USO LINGÜÍSTICO

1. Que lingua falas **habitualmente** en Gándara? Rodea 1 (moi pouco ou nada), 2 (un pouco), 3 (bastante) ou 4 (case sempre).

Galego	1	2	3	4
Castelán	1	2	3	4
Inglés	1	2	3	4

2. Que lingua falas **habitualmente fóra** de Gándara? Rodea 1 (moi pouco ou nada), 2 (un pouco), 3 (bastante) ou 4 (case sempre).

Galego	1	2	3	4
Castelán	1	2	3	4
Inglés	1	2	3	4

3. Que lingua **prefires que se fale** en Gándara? Rodea 1 (moi pouco ou nada), 2 (un pouco), 3 (bastante) ou 4 (case sempre).

Galego	1	2	3	4
Castelán	1	2	3	4
Inglés	1	2	3	4

4. Estás de acordo coa difusión, a **normalización** e o **incremento oral** do galego en Gándara? Rodea 1 (moi pouco ou nada), 2 (un pouco), 3 (bastante), 4 (totalmente de acordo), ou 5 (non sei).

Galego	1	2	3	4	5
--------	---	---	---	---	---

5. Estás de acordo coa difusión, a **normalización** e o **incremento oral** do galego en Gándara? Rodea 1 (moi pouco ou nada), 2 (un pouco), 3 (bastante), 4 (totalmente de acordo), ou 5 (non sei).

Galego	1	2	3	4	5
--------	---	---	---	---	---

6. Estás disposto ou disposta a **aumentar o uso oral** da lingua galega en Gándara? Rodea 1 (moi pouco ou nada), 2 (un pouco), 3 (bastante), 4 (totalmente de acordo), ou 5 (non sei).

Galego	1	2	3	4	5
--------	---	---	---	---	---

7. Se o libro ou revista que che interesa **está escrito** tanto en **castelán** como en **galego**, como en **inglés**, prefires (Rodea 1 (moi pouco ou nada), 2 (un pouco), 3 (bastante) ou 4 (case sempre):

Galego	1	2	3	4
Castelán	1	2	3	4
Inglés	1	2	3	4

ACTITUDE SOCIOLINGÜÍSTICA

1. Que **actitude** amosas cara as tres linguas de Gándara? Rodea 1 (actitude negativa), 2 (actitude neutral), ou 3 (actitude positiva).

Galego	1	2	3
Castelán	1	2	3
Inglés	1	2	3

COÑECEMENTO NORMATIVO SOBRE O USO DO GALEGO

1. Coñeces o **artigo nº 3** do uso do galego no ensino? Risca a túa resposta.

Si	Non
----	-----

2. Estás ao corrente da **normativa actual** para o uso do galego? Risca a túa resposta.

Si	Non
----	-----

Este Plan de Normalización Lingüística foi aprobado por....

A Moreira, Gondomar, a de de

A Directora

Asdo: Maria Ribas Valls